ELECCIÓNS AO CONSELLO ESCOLAR—2008

O 4 de novembro de 2008 reuníuse a **xunta electoral** do I.E.S. Lama das Quendas de Chantada aprobando o seguinte calendario para as eleccións ao consello escolar do centro.

Data	Proceso
4 de novembro	Publicación das convocatorias de eleccións nos distintos sectores educativos: profesorado, pais/nais, persoal de administración e servizos, e alumnado. Publicación provisional dos censos dos sectores educativos citados. Envío de escrito ao Concello solicitando a designación do seu representante.
Do 5 ao 13 de novembro (ambos os dous incluídos)	Admisión de candidatos presentando no rexistro da secretaría do centro a candidatura. Finaliza o día 13 de novembro ás 14:00 horas.
14 de novembro	Proclamación provisional de candidatos.
17-18 de novembro	Reclamacións á proclamación de candidatos.
19 de novembro	Celebración da 2ª reunión da Xunta Electoral ás 11:15 horas Proclamación e posterior publicación de candidaturas por sectores de representación. Aprobación definitiva de censos electorais, unha vez resoltas as posibles reclamacións. Aprobación de modelo de papeletas dos distintos actos electorais. Sorteo público da designación dos membros das mesas electorais.
20 de novembro	Claustro ordinario de profesores/as, e constitución da mesa electoral do profesorado (16:15 horas)
24 de novembro	***10:00 horas-11:00 horas***: Constitución mesa electoral, votación e escrutinio persoal non docente. ***11:15 horas-11:45 horas***: Claustro extraordinario de profesores/as. Constitución mesa electoral, votación e escrutinio profesorado. ***12:00 horas-14:00 horas***: Constitución mesa electoral, votación e escrutinio alumnado. ***16:00 horas-18:00 horas***: Constitución mesa electoral, votación e escrutinio pais/nais.
25-26 de novembro	Reclamacións contra a resolución das mesas electorais.
27 de novembro	Celebración da 3ª e última reunión da Xunta Electoral ás 11:15 horas. Proclamación de candidatos elixidos. Traslado ao delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria das copias de actas das votacións efectuadas.
4 de decembro	Constitución do consello escolar en sesión extraordinaria (11:15 horas).
Antes do 20 de decembro	Envío do formulario (anexo II) segundo a ***Resolución do 1 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos*** (D.O.G. Nº 181, 18-09-2008).

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 3

Novembro—2008

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

LAMA DAS QUENDAS DE CHANTADA

R.\ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)
Telf.: 982 440 551 – Fax: 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS PARA O 1º TRIMESTRE

Trimestre	Descrición breve da actividade	Data prevista	Data exacta	Duración	Horario lectivo		Curso	Departamento colaborador
					Sí	No		
DEPARTAMENTO: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA								
1º Trimestre	RECOLLIDA COGUMELOS	Novembro		2 Horas	X		1º-4º ESO	
	SAÍDAS PROXECTOS RIOS	Decembro			X		ESO	
	AS ROCHAS NAS FACHADAS	Decembro		1 Hora	X		Xeo-2º BAC	
DEPARTAMENTO: CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA								
1º Trimestre	EXPOSICION II REPUBLICA NA CASA DE CULTURA	1ª Sem. Nov.		Un día	X		4º ESO e 1º BAC	
	MUSEO ETNOGRÁFICO ESCAIRÓN	2ª Sem. Nov.		Un día	X		4º ESO	
DEPARTAMENTO: EDUCACIÓN FÍSICA								
1º Trimestre	CAMPIONATO DE FÚTOL SALA	1º Trimestre		Recreos	X		Todos	
DEPARTAMENTO: FRANCÉS								
1º Trimestre	OBRA DE TEATRO	18-12-08	18-12-08	6 horas	X		Todos	
DEPARTAMENTO: LINGUA E LITERATURA GALEGA								
1º Trimestre	OBRATEATRAL DE "ARTE" NO TEATRO PRINCIPAL DE OURENSE		27-11-08	5 Horas	X		4º ESO	
DEPARTAMENTO: MÚSICA								
1º Trimestre	FESTIVAL DE NADAL		19-12-2008	2 Horas	X		Todos	
	TALLER DE MÚSICA		Luns 18 h-19:30 h	Todo o ano		X	Todos	
DEPARTAMENTO: NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA								
1º Trimestre	O MAGOSTO	Novembro	27-10-08	2 Horas	X		Todos	E. Convivencia
	EXPOSICION "EN GALEGO TRIUNFAMOS"	2ª Quincena Decembro		Recreos	X	X	Todos	
	"GRAFFITI", POR ANXO FARIÑA	Mediados de Novembro		1 Hora	X		ESO	Debuxo
	FESTIVAL DE NADAL		19-12-08	2 Horas	X		Todos	Música e Linguas
DEPARTAMENTO: RELIXIÓN								
1º Trimestre	SAÍDA CINE E MUSEO	Out. – Nov.		1 Día	X		4º ESO e 1º BAC	
	SAÍDA CINE E MUSEO	Out. – Nov.		1 Día	X		2º e 3º ESO	

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

O 4 de novembro de 2008 comezaron ***obras no centro***. En concreto, vai-se acondicionar o laboratorio de Química instalando novo mobiliario xunto coas instalacións de electricidade e fontanería, e tamén remodelarase o despacho de secretaría, abrindo unha fiestra nel, das mesmas dimensións que as que existen na fachada principal, que permitirá ter luz natural suficiente. Estas obras poden producir ruídos molestos e certa suciedade, pero son necesarias para mellorar o funcionamento e as instalacións do centro, pedindo desculpas por anticipado.

Coma todos os anos, recórdase ao profesorado que sería recomendable que as mesas da sala de profesores e profesoras non se dedicasen a acumular todo tipo de material, senón que estiveran limpas para que o traballo nelas fose un pouco máis agradable.

Prégase que as faltas ao alumnado se introduzan no XADEWEB o antes posible para que o/a titor/a poida levar un control máis axeitado do seu alumnado.

Os/as profesores/as que desexen recibir a nómina por correo electrónico só teñen que entregar o impreso correspondente en secretaría para enviar á Delegación de Lugo.